


6



Ollos abertos

Persoas sabias

Temos oído falar de persoas ás que se dá o nome de sabias. Necesitamos saber que é a verdadeira sabedoría.



Paulo tén unha tenda de informática. Sabe moito. É un gran experto, un especialista niso. Quere vender moito, pero van moi poucos á súa tenda, porque non sabe tratar á xente: bérralles e chámalles "burros e ignorantes".

Henrique é, sen dúbida, o máis intelixente da clase. Pero non é presumido nin orgulloso. É moi educado e resólvenos todas as dúbidas que temos. Pensa as cousas antes de facelas e dá bos consellos a todos.

Sabela é xa moi maior. Non sabe ler nin escribir, non puido ir ao colexio de pequena. Pero é encantadora, cariñosa con todos; dá gusto escoitala cando conta cousas. Todos din que se aprende moito ao seu lado.

► ¿Quen destas persoas che parecen verdadeiramente sabias? ¿Por qué?

	Trazos de sabeduría
Paulo	
Henrique	
Sabela	



Mirada penetrante

Ser sabios

O sabio non é o que sabe moitas cousas, senón o que busca sempre o ben e sabe o que debe facer en cada momento.

A persoa verdadeiramente sabia e prudente	Por exemplo
• Sabe como comportarse en cada momento.	
• Sabe tratar ás persoas como son e segundo o necesitan.	
• Sabe pensar e reflexionar antes de facer unha cousa.	
• Sabe orientar ben aos que lle piden consello.	
• Sabe aprender dos demais e das cousas que pasan.	



Oídos atentos

A sabedoría: regalo de Deus para guiar a nosa vida

No Pobo de Israel existiron algunhas persoas ás que Deus lles concedeu unha gran sabedoría. Elas, iluminadas por Deus, foron cos seus consellos, guías do pobo.

■ 1 ■

Deus posúe a sabedoría perfecta.



- *Toda sabedoría vén de Deus e está con El para sempre... Só un é Sabio, o que se senta no trono.* (Eclo 1,1.8)

■ 2 ■

Deus concede a sabedoría como regalo aos que a desexan.



- *É o Señor o que dá a sabedoría.* (Prov 2,6)
- *Quen a atopa, atopa a vida e obtén o favor de Deus.* (Prov 8,35)

■ 3 ■





- Sobre el repousará o espírito do Señor: espírito de sabedoría e de intelixencia, espírito de consello e de forza, espírito de coñecemento e de temor do Señor. (Is 11,2)

▶ Repasa os textos anteriores para contestar a estas preguntas:

- ¿Quen é o máis sabio, quen tén a perfección da sabedoría?

- ¿Como encontrar a auténtica sabedoría?

A sabedoría guía a nosa vida

Humildade ●

- O Señor... comprácese nos que din a verdade. (Prov 12,22)

Honradez ●

- A soberbia é odiosa diante do Señor e dos homes. (Prov 10,7)

Verdade ●

- Achégate aos que choran, sofre cos aflixidos. (Eclo 7,34)

Familia ●

- Non traizoes ao teu próximo, cando pón en ti a súa confianza. (Prov 3,29)

Traballo ●

- Escolta de boa gana os consellos prudentes. (Eclo 6,35)

Axuda ●
ao necesitado

- Honra aos teus pais de palabra e de obra. (Eclo 3,8)

Perdón ●

- Non sexas preguiceiro, mira á formiga e aprende os seus costumes. (Prov 6,6)

Escolta ●

- Non gardes nunca rancor ao teu próximo. (Prov 10,6)



Memoria esperta

A misión dos sabios

A Igrexa apreciou sempre os consellos dos sabios de Israel recollidos nos libros da Biblia. Invítanos a que tamén nós os escoitemos e cumpramos.

- ¿Cal foi a misión dos sabios?

- ¿Que nos dá a sabedoría?

- ¿En quen se manifestou plenamente a sabedoría de Deus?



Mans activas

Deixarse guiar pola sabedoría

Quen se deixa guiar pola sabedoría de Deus acertará sempre; quen non o fai corre o perigo de equivocarse.



Os sete pecados capitais Causa de todo mal		As sete virtudes contrarias Causa de todo ben	
•	• Considérase superior aos demais.	• Valora e aprecia a todas as persoas.	•
•	• Só pensa en gañar diñeiro e ter cousas.	• Comparte o que téns cos demais.	•
•	• Déixase levar polo instinto sexual.	• Respecta o seu corpo e o dos demais.	•
•	• Domínao o mal xenio; enfábase con facilidade.	• Téns serenidade e comprensión coas persoas.	•
•	• Come esaxeradamente o que lle gusta.	• É moderado na comida e nas lambetadas.	•
•	• Desexa que lles sucedan cousas malas ás persoas.	• Desexa e busca sempre o ben dos demais..	•
•	• É cómodo e só fai o que lle apetece.	• Cumpre co seu deber, aínda que lle custe.	•

► Destes defectos:

■ O que teño eu con máis frecuencia é _____

■ O que máis dano me fai é _____

► Destas calidades positivas:

■ A máis bonita é _____

■ A que máis necesito é _____
